A cuantificación do aforro neto que realiza o PS non é a prevista legalmente no artigo 53 TRLFL, senón que atende, exclusivamente á execución orzamentaria, sen calcular a anualidade teórica de amortización como indica o dito precepto legal, o que motiva a diferente contía que arroxa o aforro neto neste informe con respecto do da liquidación orzamentaria.

Tendo en os criterios de cálculo utilizados no PS, o aforro neto de 2015 é positivo e ascende a 299.546,25 €. Dado que o obxectivo do PS é que o aforro neto sexa positivo, considero que o PS cúmprese en relación a este indicador.

Este valor representa unha evolución diferente se o comparamos, ben co PS, ben coas previsións definitivas do orzamento:

O aforro neto da liquidación empeora con respecto da previsión do PS (904.197,03 €), xa que hai un incremento dos gastos correntes (17,65%) superior ao dos ingresos correntes (5,37%). Non obstante, dado ao elevado importe previsto no plan, o aforro neto que segue os seus parámetros segue sendo positivo.

O aforro neto da liquidación mellora con respecto das previsións do Orzamento de 2015 (12.187,60 €), xa que os ingresos correntes redúcense (-4,26%), pero fanno en menor medida cos gastos correntes e a amortización de débeda (-8,47%).

Deste xeito, o aforro neto así calculado empeora nun 66,87% con respecto das estimacións do PS, pero mellora nun 2.357,80%, con respecto do Orzamento definitivo de 2015.

En calquera caso estamos ante un cumprimento deste obxectivo, xa que o aforro neto é positivo.

Concepto	PS	PD Orzamento	Liquidación	Variación PS-liquidación	%var PS-liquidación	Var PD-liquidación	%var PD-liquidación
<b>Ingresos correntes</b>	6.224.162,49	6.849.840,94	6.558.228,13	334.065,64	5,37%	-291.612,81	-4,26%
<b>Gastos correntes</b>	5.319.965,46	6.837.653,34	6.258.681,88	938.716,42	17,65%	-578.971,46	-8,47%
<b>Aforro neto</b>	<b>904.197,03</b>	<b>12.187,60</b>	<b>299.546,25</b>	<b>-604.650,78</b>	<b>-66,87%</b>	<b>287.358,65</b>	<b>2.357,80%</b>

Finalmente, considero preciso realizar unha consideración adicional. O aforro neto calculado cos criterios fixados para o PS non coinciden cos relativos á súa definición legal, prevista no artigo 53 TRLFL:

*“(...) A estes efectos entenderase por aforro neto das entidades locais e os seus organismos autónomos de carácter administrativo a diferenza entre os dereitos liquidados por capítulos uno a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigacións recoñecidas polos capítulos uno, dous e catro do estado de gastos, minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.*

*O importe da anualidade teórica de amortización, de cada un dos préstamos a longo prazo concertados e dos avalados pola corporación pendentes de reembolso, así como a da operación proxectada, determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os intereses e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)*

*No aforro neto non se incluírán as obrigacións recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que sexan financiadas con remanente líquido de tesouraría. (...)”*

A DA 14ª RDL 20/2011, do 30 de decembro modificou o cálculo do aforro neto modificando, á súa vez, o artigo 14 do RDL 8/2010, do 20 de maio. Asemade, a DF 31ª da Lei 17/2012, do 27 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado modificou a DA 14ª RDL 20/2011 desde o 1 de xaneiro de 2013 e con vixencia indefinida no seguinte sentido:

*“Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñan a consideración de ingresos ordinarios”.*

O seu cálculo realizouse con motivo da liquidación do Orzamento de 2015 e reproducéase a continuación:

Cap	DRN
1	2.227.848,85
2	-34.262,34
3	1.275.851,87
4	3.088.375,61
5	414,15
<b>Total</b>	<b>6.558.228,14</b>

Ingresos extraordinarios	0,00
--------------------------	------

<b>Ingresos correntes axustados</b>	<b>6.558.228,14</b>
-------------------------------------	---------------------

Cap	ORN
1	2.391.527,08
2	2.854.509,19
4	102.249,32
<b>Total</b>	<b>5.348.285,59</b>

<b>ORNrt</b>	<b>3.472,79</b>
--------------	-----------------

Proxecto	ORNefa
2014/3/4Al	2379,79

2014/3/4Y	1093
<b>Total</b>	<b>3.472,79</b>

<b>Gastos correntes axustados</b>	<b>5.344.812,80</b>
-----------------------------------	---------------------

AB	1.213.415,34
Ata	365.828,83
<b>AN</b>	<b>847.586,51</b>
<b>AN/Ing correntes (%)</b>	<b>12,92%</b>

Tendo en conta a definición legal, que é a que se ten en conta para outros efectos, como por exemplo, determinar o réxime de endebedamento da entidade, o aforro neto segue sendo positivo en 847.586,51 €.

### 3.3.2. Déficit de tesourería

Este indicador mide a capacidade real para poder atender aos pagamentos. Por este motivo, o PS incorpora para cada ano de vixencia as previsións de recadación e pagos, tanto de corrente como de pechados.

Concepto	PS	Liquidación	Ex pechados	Total recadación/ pagos
<b>Impostos directos</b>	2.032.947,49	1.967.372,77	138.583,27	2.105.956,04
<b>Impostos indirectos</b>	161.576,21	-34.466,47	12.029,34	-22.437,13
<b>Taxas e outros ingresos</b>	1.073.222,41	1.214.359,59	39.606,14	1.253.965,73
<b>Transferencias e subvencións correntes</b>	2.611.827,54	3.088.358,29	0,00	3.088.358,29
<b>Ingresos patrimoniais</b>	5.496,20	414,15	0,00	414,15
<b>Transferencias de capital</b>	0,00	480.204,46	0,00	480.204,46
<b>Activos financeiros</b>	0,00	450,00	0,00	450,00
<b>Pasivos financeiros</b>	0,00	65.273,20	0,00	65.273,20
<b>Total cobros</b>	<b>5.885.069,85</b>	<b>6.781.965,99</b>	<b>190.218,75</b>	<b>6.972.184,74</b>
<b>Gastos de persoal</b>	2.946.418,77	2.391.527,08	0,00	2.391.527,08
<b>Gastos en bens correntes e servizos</b>	1.931.723,89	2.679.120,83	306.056,47	2.985.177,30
<b>Gastos financeiros</b>	22.583,31	62.145,51	0,00	62.145,51
<b>Transferencias e subvencións correntes</b>	89.100,21	72.714,55	34.463,89	107.178,44
<b>Investimentos</b>	0,00	516.518,34	52.921,56	569.439,90
<b>Transferencias de capital</b>	0,00	0,00	12.340,63	12.340,63

<b>Activos financeiros</b>	0,00	250,00	0,00	250,00
<b>Pasivos financeiros</b>	780.139,28	848.250,78	0,00	848.250,78
<b>Total pagamentos</b>	<b>5.769.965,46</b>	<b>6.570.527,09</b>	<b>405.782,55</b>	<b>6.976.309,64</b>
<b>Déficit de tesourería</b>	<b>115.104,39</b>	<b>211.438,90</b>	<b>-215.563,80</b>	<b>-4.124,90</b>

Neste indicador tamén constátase un peor dato que o previsto no PS, que pasa dun superávit de 115.104,39 € a un déficit de -4.124,90. Non obstante, o dito indicador só achega os datos da execución orzamentarios, aínda que deberían terse en conta os de carácter non orzamentario, aínda que os resultados serían peores, de acordo coa información do arqueo de 2015:

<b>Existencias iniciais</b>		<b>288.146,85</b>
<b>Ingresos</b>	Orzamentarios	7.084.888,25
	Non orzamentarios	5.144.165,47
	Reintegros de pagos	64.003,24
	Recursos doutros entes públicos	7.268,88
	Movementsos internos de tesouraría	5.669.940,02
	<b>Total</b>	<b>17.970.265,86</b>
<b>Pagos</b>	Orzamentarios	7.040.312,88
	Non orzamentarios	5.172.009,64
	Reintegros de pagos	112.703,51
	Recursos doutros entes públicos	6.222,81
	Movementsos internos de tesouraría	5.669.940,02
	<b>Total</b>	<b>18.001.188,86</b>
<b>Existencias finais</b>		<b>257.223,85</b>
<b>Variación Ef-Ei</b>		<b>-30.923,00</b>

Non obstante, aínda que o remanente de tesourería para gastos xerais perdeu relevancia como indicador da liquidez, pasando a ter un carácter máis orzamentario, e se define como os resultados orzamentarios acumulados do exercicio corrente e dos pechados, foi coherente coa melloría xeral dos indicadores económicos pasando, como veremos, a un dato positivo de 47.910,68 €.

Tamén é moi importante remarcar que a menor tesourería tamén acompañouse dun menor importe dos gastos pendentes de aplicación orzamentaria a fin de exercicio pasando de 308.291,87 € en 2014 a 162.971,33 € en 2015, polo que reduciuse a débeda comercial, así como o período medio de pagamento a provedores (PMP):

PMP 4T 2014 = 76,78

PMP 1T 2015 = 76,10

PMP 2T 2015 = 62,12

PMP 3T 2015 = 60,00

PMP 4T 2015 = 42,82

Así, este déficit de tesouraría debe verse conxuntamente con estes datos e considero que hai gastos que afloran no orzamento e se pagan, reflectíndose na evolución do déficit de tesouraría.

### 3.3.3 Remanente de tesourería para gastos xerais

Tampouco neste caso o valor que se solicita desta magnitude é a que se deriva da normativa contable, xa que se lle deduce o importe das devolucións de ingresos pendentes de devolución así como os gastos pendentes de aplicar ao orzamento.

O resultado neste caso é negativo, fronte á definición legal do remanente de tesouraría para gastos xerais, a válida nos termos xurídicos para determinar medidas de saneamento, a posibilidade de financiar o destino do superávit orzamentario ou determinar o réxime de endebedamento nos casos de concellos con Plan de Axuste ou PS (como o que estamos avaliando).

<b>Rtgx</b>	47.910,68
<b>Devolucións ingresos ptes aplicación orzamentaria</b>	1.329,15
<b>Obrigas pendentes de aplicación orzamentaria</b>	162.971,33
<b>Rtgx axustado</b>	<b>-116.389,80</b>

## 4. CONCLUSIÓNS

Os datos extraídos da liquidación do Orzamento do 2015 poñen de manifesto unha melloría dos indicadores que miden a liquidez e a solvencia do concello. No caso do aforro neto, presenta valores positivos, tanto cos criterios de cálculo previstos no PS como segundo a súa definición legal.

Tendo en conta que a execución dos ingresos mellorou a execución dos gastos, prodúzose unha situación de superávit global no orzamento, que permitiu unha melloría do remanente de tesourería para gastos xerais pasando dun valor negativo de -130.020,73 € a outro positivo de 47.910,68 €. Non obstante, desde o punto de vista dos criterios do PS, que dedúcenlle a este valor as devolucións de ingresos e obrigas pendentes de aplicación orzamentario, o resultado final é negativo por -116.389,80 €.

En canto ao saldo da tesouraría, na previsión do PS tiña un valor positivo de 115.104,39 €, pero incumpriu este obxectivo reducindo as súas existencias, rexistrando un déficit de -4.124,90. Tamén é moi importante remarcar que a menor tesourería tamén acompañouse dun menor importe dos gastos pendentes de aplicación orzamentaria a fin de exercicio pasando de 308.291,87 € en 2014 a 162.971,33 € en 2015, polo que reduciuse a débeda comercial, así como o período medio de pagamento a provedores (PMP):

PMP 4T 2014 = 76,78  
PMP 1T 2015 = 76,10  
PMP 2T 2015 = 62,12  
PMP 3T 2015 = 60,00  
PMP 4T 2015 = 42,82

Así, este déficit de tesouraría debe verse conxuntamente con estes datos e considero que hai gastos que afloran no orzamento e se pagan, reflectíndose na evolución do déficit de tesouraría.

Finalmente, hai que indicar que o concello ten en vigor o Plan de axuste 2012-22 que compromete a adopción dunha serie de medidas encamiñadas a mellorar a estabilidade orzamentaria, pero que redundan nos restantes indicadores económicos como son o aforro neto e o remanente de tesourería.



Asemade, elaborouse un Plan de saneamento financeiro 2015-18 para poder solicitar unha operación de refinanciamento do primeiro préstamo do Plan de axuste e que está encamiñado a corrixir o valor negativo do aforro neto que deriva da liquidación de 2013. Dado que en 2015, o aforro neto foi positivo, a súa vixencia finalizou, tal e como se preveu nas condicións da súa aprobación

Este informe, xunto coa presentación dos datos contables na aplicación de captura habilitada a tal efecto, deberá remitírselle ao Ministerio de Facenda, que remitirallo tamén á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, como órgano de tutela financeira, de acordo co Estatuto de Autonomía.

## **5. ESCRITO DO ÓRGANO DE TUTELA FINANCEIRA (DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS)**

Dáse conta ao Pleno do incumprimento da remisión ao Ministerio de Facenda da avaliación do cumprimento da anualidade 2015 do PS 2009-15, polos motivos expostos nos antecedentes deste informe, en aplicación do requirimento do escrito do 14/03/2017 recibido o día 22 deste mesmo mes que esixe "(...) a posta en coñecemento do Pleno, do citado incumprimento así como da información remitida na primeira sesión que se celebre, e en todo caso, antes do transcurso dun mes, segundo o establecido no artigo 10 do Real decreto-lei 5/2009".

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

## **5. MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE RIANXO**

O concelleiro Tobias Betanzos expón a moción

"A Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

A entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD 15/1999), aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro (RD 1720/2007), introduciu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en canto a forma e contidos da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.

A empresa RC Servicios de Consultoría Gallegos SL (SERCONGAL) realizou unha auditoría relativa ao nivel de adaptación do Concello de Rianxo á LOPD 15/1999 e o RD 1720/2007, na que, entre outras medidas, propóñense unha serie de modificacións do regulamento e nos ficheiros de datos.

Ao respecto, este concello dispón, actualmente, de:

- Regulamento de creación dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Rianxo, aprobado inicialmente por Proposta a pleno, publicada o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm. 0016, de data 25 de xaneiro de 2011.
- Acordo de ficheiros de protección de datos de carácter persoal, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm. 0166, de data 31 de Agosto de 2012.

- Acordo plenario de 28/02/2013 regulador de ficheiros con datos persoais do Concello de Rianxo, publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm. 0060, de data 27 de Marzo de 2013.

- Acordo de ficheiros anulados e ficheiros novos de carácter persoal, publicada o seu texto definitivo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm. 0075, de data 19 de Abril de 2013.

A fin de cumprimentar o establecido no artigo 20 da dita Lei, así como no artigo 52 e 54 do seu Regulamento de desenvolvemento da dita Lei, propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

#### PRIMEIRO

Aprobar a modificación do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Rianxo, e dos seus correspondentes anexos.

#### SEGUNDO

Modificar os seguintes ficheiros de carácter persoal xa inscritos, segundo se indica no anexo A:

- Accións formativas de xuventude
- Sanmat (sistema de información de obrigas tributarias dos contribuíntes)
- Servidores e mantemento
- Subvencións municipais deportivas
- Taller de memoria
- Urbanismo
- Nóminas e persoal

#### TERCEIRO

Crear os novos ficheiros de carácter persoal indicados no anexo B:

- Area de rehabilitación integral
- Pegada dixital
- Punto limpo
- Recadación
- SAF
- Secretaría
- RRHH e persoal

#### CUARTO

Proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

De presentárense reclamacións ou suxestións, estas serán resoltas polo Pleno. En caso contrario, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

#### QUINTO

Inscribir os ficheiros no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días dende a publicación do texto íntegro do acordo no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do artigo 55 de Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999.

## ANEXOS

## A. MODIFICACIÓNS.

Conforme á normativa de protección de datos persoais, establécese a obriga de manter actualizada a inscrición dos ficheiros no RXP. Neste sentido, realízanse as modificacións dos ficheiros xa inscritos con anterioridade, cubrindo as incidencias de varios aspectos. Por isto, as estruturas pasan a corresponderse coas seguintes:

Ficheiro: ACCIÓNS FORMATIVAS DE XUVENTUDE

1. Nome do ficheiro	ACCIÓN FORMATIVAS
2. Finalidade do ficheiro	Xestión dos datos dos participantes en acción formativas.
3. Usos previstos	Educación

Ficheiro: SANMAT (SISTEMA DE INFORMACIÓN DE OBRIGAS TRIBUTARIAS DOS CONTRIBUÍNTES)

1. Nome do ficheiro	XESTIÓN DE RECURSOS MUNICIPAIS
---------------------	--------------------------------

Ficheiro: SERVIDORES E MANTEMENTO

1. Nome do ficheiro	MANTEMENTO INFORMÁTICO
---------------------	------------------------

Ficheiro: SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DEPORTIVAS

1. Nome do ficheiro	SUBVENCIÓNS DEPORTIVAS
---------------------	------------------------

Ficheiro: TALLER DE MEMORIA

6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura/pegada, imaxe (fotografía). Datos de características persoais: estado civil, familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.
---	--

Ficheiro: URBANISMO

7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Organizacións relacionadas directamente co responsable, Forzas e Corpos de Seguridade, outros órganos da Administración do Estado.  Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo. A <a href="#">cesión de datos</a> sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.
---	---

**Ficheiro: NÓMINAS E PERSOAL**

1. Nome do ficheiro	NÓMINAS
2. Finalidade do ficheiro	Rexistrar e xestionar os datos do persoal municipal que prestan servizo no Concello de Rianxo de carácter funcional, laboral (fixo ou temporal) e eventual. Datos dos membros corporativos.
3. Usos previstos	Xestión de nóminas e prevención de riscos laborais
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificadores (nome, apelidos, DNI/NIE, número SS/Mutualidad, imaxen, enderezo, teléfono e correo electrónico); circunstancias sociais (sexo, estado civil, data e lugar de nacemento, nacionalidade); datos familiares e da súa composición; datos académicos, profesionais e económico-financieros;; Datos relativos a infraccións penais ou administrativas. Datos especialmente protexidos: violencia de xénero.

**B. CREACIÓN DE FICHEIROS**
**Ficheiro: AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL**

1. Nome do ficheiro	AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL
2. Finalidade do ficheiro	Xestión de subvencións, elaboración de presupostos para a rehabilitación de vivendas no casco histórico do Concello.
3. Usos previstos	Xestión administrativa. Urbanismo. Fines estadísticos e históricos.
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	USUARIOS, SOLICITANTES E BENEFICIARIOS
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal.
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, Sinatura.  Datos de características persoais: data de nacemento, datos de familia, porcentaxe de minusvalía, condición familia numerosa.  Datos de circunstancias sociais (Características de aloxamento e vivenda - Propiedades, posesións).  Datos económico-financieros y de seguros (Datos bancarios)  Datos de licenzas. Infraccións administrativas.  Declaración da situación de violencia de xénero o exclusión social.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de	Bancos, Caixas de Aforro, Caixas Rurales. Administración

datos a terceiros países	<p>tributaria. AAPP con competencias na materia</p> <p>Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.</p> <p>A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.</p>
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO 1 15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	MEDIO

**Ficheiro: PEGADA DIXITAL**

1. Nome do ficheiro	PEGADA DIXITAL
2. Finalidade do ficheiro	Control de acceso os edificios, locais e programas informáticos do Concello por parte dos empregados do mesmo.
3. Usos previstos	Control e seguridade. Recursos Humanos.
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Empregados.
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal.
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	<p>Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, teléfono, sinatura ou pegada dixital, Número de identificación.</p> <p>Datos de características persoais: data e lugar de nacemento, datos de familia, estado civil, idade, sexo, nacionalidade.</p> <p>Datos económico-financieros: datos de nómina</p> <p>Detalles de Emprego: Historial Laboral, postos de traballo, permisos, baixas.</p>
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	<p>Empresa de Hosting.</p> <p>Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.</p>

	A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21de Decembro.
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO, 1 15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro automatizado
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	MEDIO

## Ficheiro: PUNTO LIMPO

1. Nome do ficheiro	PUNTO LIMPO
2. Finalidade do ficheiro	Xestión dos datos da recollida dos refugallos que se depositan para a súa correcta xestión.
3. Usos previstos	Xestión administrativa
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Usuarios e solicitantes.
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal.
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos de carácter identificativo: DNI, nome e apelidos, teléfono, dirección.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo.  A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21de Decembro.
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO, 1 15920 RIANXO A CORUÑA

10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	BÁSICO

**Ficheiro: RECADACIÓN**

1. Nome do ficheiro	RECADACIÓN
2. Finalidade do ficheiro	Cobrar as débedas e cumprimento das obrigacións de cara á facenda pública.
3. Usos previstos	Recadación para intervención e tesourería. Cumprimento/incumplimento de obrigas dinerarias.
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Residentes, provedores, outros colectivos.
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	A propia persoa interesada ou o seu representante legal mediante: enquisas, declaración oral, formularios, transmisión electrónica...
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, enderezo, teléfono, Imaxe, número de S.Social, sinatura. Datos de características persoais. Datos de circunstancias sociais: características de aloxamento e vivenda Datos económico-financeiros: ingresos e rendas, datos bancarios, nóminas. Transaccións de bens e servizos.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Organismos da Seguridade Social, outros órganos da Administración do Estado, bancos, caixas de aforro e caixas rurais. Mutualidades. Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fóra do territorio do Espazo Económico Europeo. A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de decembro.
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO, 1 15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado

11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	ALTO
--	------

## Ficheiro: SAF

1. Nome do ficheiro	SAF
2. Finalidade do ficheiro	Prestar axuda a dependentes co grado recoñecido e ademais atender a demanda dos usuarios do concello con necesidades sociais. Servizo de teleasistencia da Xunta e da Deputación.
3. Usos previstos	Servizos Sociais. Análise de perfiles.
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Usuarios, solicitantes e beneficiarios dependentes de servizos sociais, representantes legais.
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal mediante:  Formularios
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, firma/impresións dixitais, Imaxe. Nº da Seguridade Social, Tarxeta Sanitaria.  Datos de características persoais: Estado civil, datos de familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade.  Datos de emprego: profesión. Datos académicos e profesionais: titulacións  Datos de saúde. Datos de violencia de xénero.  Datos de circunstancias sociais: datos de vivenda, propiedades e posesións.  Datos económicos- financeiros e de seguros: ingresos e rendas, pensións, seguros, datos bancarios.  Datos de transacción de bens e servizos.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Entidades aseguradoras. Entidades Sanitarias. Xulgado e a empresa concesionaria do servizo.  A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21 de Decembro.  Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e	CONCELLO DE RIANXO



cancelación	PRAZA CASTELAO, 1 15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado o mixto
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	ALTO

**Ficheiro: SECRETARÍA**

1. Nome do ficheiro	SECRETARÍA
2. Finalidade do ficheiro	Xestión dos expedientes dos departamentos do Concello e elaboración dos informes correspondentes para elevar os órganos competentes para a súa aprobación.
3. Usos previstos	Xestión administrativa
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Empregados, Cidadáns e residentes, Usuarios, Solicitantes e beneficiarios
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal mediante: Formularios
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificativos: NIF/DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, sinatura, Imaxe. Datos de características persoais: datos de familia, data e lugar de nacemento, idade, sexo, nacionalidade. Datos académicos e profesionais: formación e titulacións Datos económicos- financeiros e de seguros Datos de transacción de bens e servizos.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Entidades aseguradoras. Rexistros públicos. Entidades Sanitarias. Organismos da Seguridade Social. Notarios e procuradores.  A cesión de datos sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada só se realizará a favor doutras administracións públicas con competencias na materia e de conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 e o RD 1720/2007, de 21de Decembro.  Non se realizan ou non están previstos tratamento de datos fora do territorio do Espazo Económico Europeo
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO, 1

	15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado o mixto
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	ALTO

**Ficheiro: RRHH E PERSOAL**

1. Nome do ficheiro	RRHH E PERSOAL
2. Finalidade do ficheiro	Rexistrar e xestionar os datos do persoal que presta servizo no Concello de Rianxo, e das persoas participantes nos procesos de selección de persoal que se realicen para o acceso a prazas e postos de traballo do Concello, de carácter laboral (fixo ou temporal) e eventual.
3. Usos previstos	Recursos Humanos
4. Persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos	Persoas físicas que formen parte do cadro de persoal municipal ou que participen nos procesos que, para a selección de persoal, realice o Concello.
5. Procedemento de recollida de datos de carácter persoal	O propio interesado ou o seu representante legal mediante comunicación escrita ou telemática.
6. Estrutura básica do ficheiro e descrición dos tipos de datos de carácter persoal contidos no mesmo	Datos identificadores (nome, apelidos, DNI/NIE, número SS/Mutualidad, imaxe, enderezo, teléfono e correo electrónico); circunstancias sociais (sexo, estado civil, data e lugar de nacemento, nacionalidade); datos familiares e da súa composición; datos académicos, profesionais e económico-financeiros. Datos especialmente protexidos: violencia de xénero. Grado discapacidade.
7. Cesión de datos de carácter persoal e, no seu caso, as transferencias internacionais de datos a terceiros países	Consellería de Traballo e Benestar, ao Instituto Nacional da Seguridade Social, Facenda pública e Administración Tributaria, Deputación Provincial da Coruña e outros órganos da <a href="#">Administración Local</a> . Outras Administracións Públicas con competencias na materia. Bancos, Caixas de Aforro e Caixas rurais. Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros. En todo caso, a <a href="#">cesión de datos</a> que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras Administracións Públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999 e no <a href="#">Real Decreto 1720/2007</a>
8. Órgano da administración responsable do ficheiro	CONCELLO DE RIANXO
9. Servizo ante o que se poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación	CONCELLO DE RIANXO PRAZA CASTELAO, 1

	15920 RIANXO A CORUÑA
10. Sistema de tratamento	Ficheiro parcialmente automatizado o mixto
11. Medidas de seguridade e nivel de protección esixible	ALTO

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 27/03/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- O portavoz de Rianxo en Común Antón manifesta que non coñece a normativa, pero si a tendencia de crear ficheiros para despois protexelos, que non comprende porque existen ficheiros do punto limpo, do taller da memoria .. Créanse ficheiros de todo, temos demasiados datos, non creo sexa necesario.

- A portavoz de do PSOE manifesta que e necesario.

- A portavoz de do PP manifesta que o seu grupo está dacordo.

- Adolfo : protéxense datos, non se comercializa, son datos fundamentais deben protexerse

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 15 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 5 membros do grupo PP), cero votos en contra e dúas abstencións (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **6. APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 11/2017, REFERIDO ÁS FACTURAS INCLUÍDAS NA RELACIÓN H/2016/11.**

O concelleiro de economía Tobías Betanzos pasa a expoñer a moción co seguinte contido :

Unha vez que se elaborou a relación de gastos pendentes de aplicación orzamentaria a 31/12/2017, H/2016/11, que ascende a 68.309,61 €, corresponde tramitar orzamentariamente a execución do gasto.

Moitas das facturas para as que se dota crédito nesta modificación orzamentaria están incluídas na solicitude do POS+2017. Sen embargo, considero que debe procederse á súa tramitación antes da concesión da subvención, adiantando recursos propios municipais, para atender aos correspondentes pagamentos cos provedores. Cando veña concedida definitivamente reporase o crédito orzamentario adiantado, incrementando outra vez a capacidade de gasto.

Debido tamén á acumulación de traballo en Intervención, non están cuantificadas todas aquelas facturas que deben ser obxecto de aprobación polo Pleno a través dun recoñecemento extrajudicial, pero co fin de acelerar os pagamentos e non acumular todos eles nun único expediente, óptase por tramitar aquelas que xa están preparadas.

**RELACIÓN DE OBRIGAS PENDENTES DE APLICACIÓN H/2016/11**

Nº Operación	Nº Registro Factura	Fecha Reg. Fac.	Documento	Fecha Doc.	Nombre Ter.	Prog	Econ	Proyecto	Texto Libre	Importe
220160011990	F/2016/1187	12/04/16	Emit- 3	22/03/16	Hermanos Miguens Rial, S.L.	454	61900		ARRANXOS MUROS EN LEIRO, TRABA E HERMIDA-BUHIA	7.569,76
220160011991	F/2016/2314	10/08/16	A 21	09/08/16	CONSTRUCCIONS IRMANS ROMAY, S.L.	171	61900		Factura da impermeabilización da fonte do Factura da impermeabilización da fonte do parque Galicia de Rianxo / Retirada	14.253,97
220160011993	F/2016/2671	17/10/16	Emit-16007103	14/10/16	Baygar, S.L.	1621	62900		10 COLECTORES DE LIXO DE RECOLLIDA TRASEIRA	1.936,00
220160011994	F/2016/2673	19/10/16	B 38	03/10/16	CONSTRUCCION Y DESLIZADO GALICIA, S.L.U	1532	21000		PINTADO DE VIAS (VIAS URBANAS)	9.603,75
220160011996	F/2016/2817	10/08/16	010/2016	10/08/16	Larus Control S.L.N.E.	311	22799		CONTROL POBOACIONAL DA PALOMA COMUN NO CONCELLO DE RIANXO	4.578,16
220160011997	F/2016/2906	21/07/16	Y/4298	30/06/16	E.Varela e Hijos, S.L.	323	63200		INSTALACION DUNHA PORTA DON CONTADOR ELECTRICO NO COLEXIO ANA Mª DIEGUEZ	137,40
220160011998	F/2016/3024	29/07/16	16/09-M1	20/06/16	Juan Carlos Bastos Gonzalez	323	63200		REALIZACION DE INFORME TECNICO PARA A IDENTIFICACION E VALORACION DO ESTADO DAS ESCOLAS DO CRA DE RIANXO	2.299,00
220160011999	F/2016/3238	26/09/16	A23	26/09/16	CONSTRUCCIONS IRMANS ROMAY, S.L.	171	61900		IMPERMEABILIZACION ESTANQUE XARDIN SITO NO PASEO DA RIBEIRA	1.338,26
220160012000	F/2016/3466	06/10/16	2015233	30/11/15	FRANCISCO JAVIER CAAMAÑO BOUZAS	341	22104		GRABACION E SUBMIISTRO DE CAMISETAS TECNICAS (EMENDA DUNHA FACTURA DEVOLTA EN 2015)	260,15
220160012001	F/2016/3492	10/10/16	Y/4431	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	135	62200		LOCAL DE PROTECCION CIVIL: INSTALACION DE PLATO DE DUCHA, TERMO, GRIFERIA E TUBERIAS, REPARACION ALUMEADO. LOCAL PROT.C.	1.460,37
220160012002	F/2016/3494	10/10/16	Y/4434	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	342	62300		INSTALACION ELECTRICA PARA OS ALMACENS E O CADRO DE PROTECCION NO CAMPO DE FUTBOL DA LOMBA	666,00
220160012003	F/2016/3742	28/11/16	11	25/11/16	Antonio Rey Vila	311	22799		RECOLLIDA DE CANS NO MES DE OUTUBRO 2016	3.461,25
220160012004	F/2016/3743	18/10/16	10	18/10/16	Antonio Rey Vila	312	22799		RECOLLIDA DE CANS NO MES DE SETEMBRO 2016	3.102,44
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	1532	22111		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS	7,50

									DEPARTAMENTOS	
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	1532	22114		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	77,50
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	1532	22199		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	10,41
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	1722	22111		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	17,50
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	1722	22114		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	1,36
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	338	22114		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	17,50
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	338	22199		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	31,80
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	341	22199		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	49,47
220160012005	F/2016/3831	10/10/16	V/11176	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	9203	22111		MATERIAL DE FERRAXERIA PARA DIVERSOS DEPARTAMENTOS	10,81
220160012006	F/2016/3834	13/10/16	16-0213	11/10/16	ACV GRAFICA, SC	341	62900		2 LONAS TAMAÑO 4X4M. IMPRESAS, REMATADAS EN CON OLLAIS	968,00
220160012379	F/2016/3490	10/10/16	Y/4429	30/09/16	E.Varela e Hijos, S.L.	312	62500		ESTORES PLEGABLES 120X70 E INSTALACION PARA A CLINICA DE TARAGOÑA	363,00
220160012676	F/2016/2792	26/10/16	Emit-16007200	21/10/16	Baygar, S.L.	453	60900		MARQUESINA MODELO VAGOS. ESTRADAS	5.287,70
220160012677	F/2016/3416	02/12/16	GAL00206116F00028	02/12/16	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	160	63300		CORRECCIÓNS DE DEFICIENCIAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN ISORNA	3.061,51
220160012677	F/2016/3416	02/12/16	GAL00206116F00028	02/12/16	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	160	21300		CORRECCIÓNS DE DEFICIENCIAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN ISORNA	3.356,87
220160012677	F/2016/3416	02/12/16	GAL00206116F00028	02/12/16	VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	161	63300		CORRECCIÓNS DE DEFICIENCIAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN ISORNA	414,66
220160012678	F/2016/3465	14/10/16	H003	26/07/16	TRISKAUGA, S.C.	151	22606		CURSO DE VERAN ARQUITECTURA ALOXAMENTOS EN BUNGALOS I EN ACAMPADA DO 16 O 22 XULLO CEA O DIA 22	1.518,99
220160012679	F/2016/3862	09/11/16	CIO858949225	01/11/16	VODAFONE ESPAÑA,	1522	22200		PERÍODO 01/10/2016 ATA 31/10/2016 ADRO 2	56,87

					S.A.U.				OFICINA ARI	
220160012680	F/2016/3934	28/12/16	A/50	28/12/16	CARPINTERÍA LARANGA, S.L.	1522	63200		Suministro e colocacion de porta de madeira de entrada en acceso a la oficina de rehabilitación, segun pres. 87/16	1.870,00
220160012681	F/2016/3955	14/10/16	69/16	11/10/16	Asociación para a Defensa Ecoloxica de Galiza	1722	22606		COORDINACION DA IX LIMPEZA SIMULTANEA DE RIOS. XORNADA DE FORMACION QUE INCLUE A MENORES EN IDADE ESCOLAR	250,00
220160012682	F/2016/3958	19/10/16	TA5E80185741	19/10/16	Telefónica de España,S.A.U.	1522	22200	2016 3 1 1	GASTOS DE ADSL DA OFICINA DO ARI DO MES DE SETEMBRO.	90,55
220160012683	F/2016/4023	19/07/16	TA5E50201412	19/07/16	Telefónica de España,S.A.U.	1522	22200	2016 3 1 1	LIÑA ADSL DO MES DE XUÑO E LIÑA DE TELEFONO DO MES DE XULLO DA OFICINA DO ARI	90,55
220160012684	F/2016/4030	19/08/16	TA5E60198618	19/08/16	Telefónica de España,S.A.U.	1522	22200	2016 3 1 1	LIÑA ADSL DO MES DE XULLO E LIÑA DE TELEFONO DO MES DE AGOSTO DA OFICINA DO ARI	90,55
										<b>68.309,61</b>

O 22/03/2017 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable IR 8/2017 coas seguintes conclusións:

#### “4. CONCLUSIÓNS

Facturas con informe favorable:

Para as seguintes prestacións xa se emitiron os informes de fiscalización de reparo con carácter extensivo en tanto non se modifiquen as circunstancias que os motivaron, polo que remítome ás conclusións dos ditos informes sen emitir un novo reparo:

Terceiro	Descrición	ADO Reparos	Reparos	RA lev R
Vodafone España, SAU	Servizo de telefonía	6	1	37 do 11/02/16
Telefonica España, SAU	Servizo de telefonía	6	1	37 do 11/02/16
E. Varela e Hijos, SL	Material de ferraxería e eléctrico, mantemento do alumado público, das instalacións eléctricas e nos actos/eventos públicos	12	6	65, do 29/02/16
Antonio Rey Vila	Tratamento de animais	82	50	638, do 15/12/16
Ramiro Tubío, SL	Tratamento de animais	82	50	638, do 15/12/16
PRELACION DE PAGOS	Prelación de pagos	ADO 67	39	498, do 17/10/16

**Actualmente, debido á insuficiencia de medios humanos no Departamento de Intervención, existe un importante atraso no seu rexistro. Hai facturas que non están seguindo o criterio da antigüidade segundo a entrada no rexistro do concello para a súa tramitación. Remítome ao seguinte reparo extensivo.**

Terceiro	Descrición	ADO Reparo	Reparo	RA lev R
PRELACION DE PAGOS	PRELACION DE PAGOS	ADO 67	39	498/2016 De 17/10/2016

- Facturas con informe favorable e observacións:  
 Facturas con reparo suspensivo: **Todas**

**A base de execución 14<sup>a</sup>.c)2 establece que expedientes de recoñecemento extraxudicial son competencia do alcalde. Para os restantes supostos, serao o Pleno. Dado que non se da ningún dos supostos da competencia do alcalde, a aprobación do expediente correspóndelle ao Pleno. Por este motivo, emítase un reparo de carácter suspensivo.**

- Facturas sen reparo suspensivo:

O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:

- O alcalde  
 O Pleno"

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14<sup>a</sup>.c) do orzamento

Propoño á Xunta de Goberno Local, competente en virtude da delegación efectuada por Resolución nº 505/2016, do 19 de outubro, o seguinte **ACORDO**:

#### PRIMEIRO

Resolución e levantamento do reparo suspensivo IR 08/2017 emitido pola Intervención o 22/03/2017 no sentido de continuar coa tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial 11/2016.

#### SEGUNDO

Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 11/2016, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 27/03/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

-O concelleiro de economía despois dunha larga exposición e xustificación dos gastos, aclaradas dúbidas dalgunhas facturas expostas na comisión, pide responsabilidade para poder atender esta obrigas para que os provedores poidan cobrar.

- O concelleiro Juan de Rianxo en Común pregunta cantas facturas máis están no caixón ? Expón que o período de pago é de 30 días e o concello está en 54 días, o seu grupo fai proposta dun regulamento e protocolo, se cambie o modelo recepción de facturas, obriga e utilizar factura electrónica, isto axudaría avanzar o período de pago.

- Portavoz do PSOE , creemos que se fai un uso excesivo dos recoñecementos extraxudiciais, deben facerse os trámites previos de proposta de gasto, certificado de existencia de crédito para non se deán estes problemas.

- Portavoz do PP, o noso grupo non vai aprobar a proposta.

- O Alcalde manifesta que o procedemento é contrario a esixencia de facturas no caixón, moitas facturas tiñan crédito pero non se tramitaron no seu tempo, tráese o pleno para facelo público e garantir os provedores cobren e o concello ten solvencia porque en canto se recoñezan serán pagadas.

O mecanismo de recoñecemento extraxudicial é un procedemento corrente en moitos concello.

As facturas superiores a 5000 e obrigatorio que se rexistren electronicamente.

Respecto a bolsa de emprego non vale calquera persoa para este posto, tomáronse medidas trasladando temporalmente a persoas doutro departamento a intervención, estase co proceso de selección de auxiliares, pero o marco xeral non favorece a incorporación de persoal, tendencia e a recortar dado que inflúe a regra de gasto.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG), cinco votos en contra (dos 5 membros do grupo PP) e seis abstencións (dos 4 membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **7. APROBAR O NOME DE SALA ARCOS MOLDES AO TEATRO DO AUDITORIO DE RIANXO**

A concelleira de Raquel Garcia Abuín expón a proposta:

### **Antecedentes**

Recentemente vense de presentar da man da Deputación da Coruña o libro *Arcos Moldes, mestre sen escola*. Trátase dunha revisión, máis detallada e con máis información da biografía publicada en 1994 por Xosé Comoxo e por Xesús Santos.

Arcos Moldes chega a Rianxo en 1871 para logo dun inxente traballo converterse nunha das figuras imprescindíbeis da cultura rianxeira de finais do XIX e comezos do século XX. Arcos ten moito que ver coa feliz expresión que empregou Dieste alcumando a Rianxo de Atenas de Arousa para se referir a súa efervescencia cultural. A falta de grande produción escrita, malia moitos artigos para a prensa nos diferentes xornais da época ou composicións para as comparsas de entroido, pono en clara desvantaxe para pasar á Historia da Cultura do país fronte persoeiros senlleiros como Castelao, Manuel Antonio, Dieste ou Brea Segade, seus contemporáneos. Mais podemos dicir que Arcos Moldes supón o necesario motor para que sucedan esas outras historias, moitas, eixes da cultura local e galega. Alguén imprescindible para que outros puideran alimentar a súa creatividade literaria.

O seu labor de dinamización cultural, política, social e educativa, como moi ben xa nos sinalan os autores desde o seu título Mestre sen Escola é potentísima, na liña do que hoxe sería un educador social ou un xestor cultural: crea xornais (El Barbero Municipal), corais e rondallas, escolas como a do



pósito, colectivos e asociacións para a loita social e o desenvolvemento económico do municipio, sindicais, até letrista do Himno de Rianxo.

Ademais da biografía en sí, compre o recoñecemento por parte da veciñanza de Rianxo, vinculándoo ao novo espazo de referencia que é o Auditorio, onde hoxe se realiza boa parte da actividade cultural do municipio.

É por isto que se somete á consideración do pleno do Concello o seguinte **ACORDO**

#### PRIMEIRO

Aprobar o nome de **Sala Arcos Moldes** ao teatro do Auditorio de Rianxo como lembranza do apoio deste á cultura e o desenvolvemento do Concello

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN, do día 27/03/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común: votamos a favor sen embargo queremos puntualizar que Rianxo os lugares son de colectivos, invitamos a seguir esa traxectoria e non pasarse os nominalismos. Deben recoñecérselle a colectivos, a historia de Arcos tivo unha vida efervescente, enorme mérito, é un dos nosos ilustres, o espazo puido haber sido "Airiños ", vamos aprobar pero non torcer e denominar os espazos os colectivos

- Portavoz do PSOE, estamos dacordo na proposta e que a xente de Rianxo coñeza a labor de Arcos Moldes
- Portavoz do PP, o noso grupo vai aprobar a proposta .

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta

## 8.- NOMEAMENTO SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO

Tendo presente o Oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza (RE nº 7414 do 20/12/2016) onde se comunicaba o próximo vencemento do prazo de 4 anos polo que nomeou ao actual Xuíz de Paz substituto.

Trala aprobación das Bases da Convocatoria Pública para a elección de Xuíz de Paz substituto en sesión plenaria do 29/12/2016

e efectuada a publicación da convocatoria nos seguintes medios:

- edicto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Rianxo.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz de Rianxo.

- anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 17/01/2017.

Segundo certificado de secretaria, no prazo de 20 días hábiles dende o seguinte á publicación no BOP, que tivo lugar o 17/01/2017, rematando o prazo o 14/02/2017 os candidatos por orden de presentación das solicitudes foron:

RXE nº	data	Interesado/a	DNI
639	02/02/2017	Ana García Campos	53.309.798-F
755	09/02/2017	Javier Ignacio Garrido Gómez	35.477.980-C
811	10/02/2017	Rosa María Pérez Saborido	33.228.286-W
849	14/02/2017	Ana Rodríguez Lorenzo	76.777.024-B

Todas elas presentadas en tempo e forma.

Unha vez revisada a documentación presentada polos aspirantes, requíruselles co gallo de que emendaran aquelas deficiencias detectadas para o cal concedéuselles un prazo de 5 días no que achegaron todos eles a documentación.

Verificada a nacionalidade española de todos eles, a súa maioría de idade e a presentación da declaración de non estar incurso en causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss, todos eles cumpren cos requisitos esixidos na base 1ª da convocatoria como condicionantes legais.

Asemade tralo análise da documentación que achegaron coa solicitude resulta o seguinte:

Nome e apelidos	Cert. Nac./dni compl.	Certific. médico (función xudicial)	Certific. penales	Decl. Compl Art. 2 Lei 68/80 de 1 decembro	Decl. Xur supostos Incomp. Funcion. Xudicial	Méritos
ANA GARCÍA CAMPOS	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega currículo, vida laboral, títulos, credenciais, cursos
JAVIER IGNACIO GARRIDO GÓMEZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega currículo
ROSA MARÍA PÉREZ SABORIDO	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega certificados, títulos, curriculum,
ANA RODRÍGUEZ LORENZO	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega Currículum

Conforme aos artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 101.2 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, artigo 4 e artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, e sendo preciso quórum de maioría absoluta para a elección do candidato, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO

Admitir aos seguintes participantes:

Interesado/a	DNI
Ana García Campos	53.309.798-F
Javier Ignacio Garrido Gómez	35.477.980-C
Rosa María Pérez Saborido	33.228.286-W
Ana Rodríguez Lorenzo	76.777.024-B

## SEGUNDO

Elixir a Dona Rosa María Pérez Saborido como Xuíz de Paz Substituto á vista dos méritos acreditados especialmente a súa experiencia no posto e bon facer asemade do coñecemento da xente, dos trámites e persoal do vulgado.

## TERCEIRO

Dar traslado do presente acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Padrón, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 27/03/2017, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

-O Concelleiro Tobías propón que e faga de forma conxunta o debate do punto 8 e 9 e se vote cada proposta posteriormente. Continúa manifestando que se trata dun posto que busca unha persoa boa, capaz de mediar expón que a xunta de portavoces acordou propoñer os candidatos que estaban exercendo nos últimos 4 anos no posto.

-Voceiro de Rianxo en Común manifesta que a función do xuíz de paz debe mediar ante conflitos entre os veciños, necesitamos persoa sexa de aquí sexa conciliadora, non constan queixas das función levadas a cabo a capacidade queda acreditada co certificado médico, nos propoñemos e o poder xudicial nomea, seguimos apoiando.

- Voceiro do PSOE di que non existen criterios obxectivos nas bases, creemos fixeron boa labor fixo boa labor.

- Voceiro do PP sinala que en que se apoian para crer que o resto eran malos, estamos a propoñer a unha persoa de 82 anos, e os documentos falan por si solos.

- Alcalde di que estamos ante unha persoa de honor, de ben, non quere dicir o resto sexan malos, trátase dunha persoa capaz de mediar e eliminador de conflitos, trátase dun posto simbólico cunhas retribucións para gastos de desprazamento. O poder xudicial non marca méritos, a xunta de portavoces acordou propoñer que continúen os mesmos.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), seis votos en contra (dos 5 membros do grupo PP e 1 membro do PSOE) e cero abstencións dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## 9. NOMEAMENTO TITULAR DO XULGADO DE PAZ DO CONCELLO DE RIANXO

Tendo presente o Oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza (RE nº 7414 do 20/12/2016) onde se comunicaba o próximo vencemento do prazo de 4 anos polo que nomeou ao actual Xuíz de Paz.

Trala aprobación das Bases da Convocatoria Pública para a elección de Xuíz de Paz Titular en sesión plenaria do 29/12/2016 e efectuada a publicación da convocatoria nos seguintes medios:

- edicto no Taboleiro de Anuncios do Concello de Rianxo.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Padrón.
- edicto no Taboleiro de anuncios do Xulgado de Paz de Rianxo.
- anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 17/01/2017.

Segundo informe de rexistro , no prazo de 20 días hábiles dende o seguinte á publicación no BOP, que tivo lugar o 17/01/2017, rematando o prazo o 14/02/2017 os candidatos por orden de presentación das solicitudes foron:

RXE nº	data	Interesado/a	DNI
537	30/01/2017	Ramón Rodríguez Sende	33.178.952-A
639	02/02/2017	Ana García Campos	53.309.798-F
755	09/02/2017	Javier Ignacio Garrido Gómez	35.477.980-C
811	10/02/2017	Rosa María Pérez Saborido	33.228.286-W
849	14/02/2017	Ana Rodríguez Lorenzo	76.777.024-B
860	14/02/2017	Doris Fanny Sánchez Matos	45.957216-L

Todas elas presentadas en tempo e forma.

Unha vez revisada a documentación presentada polos aspirantes, requíriúselles que emendaran aquelas deficiencias detectadas para o cal concedéuselles un prazo de 5 días no que achegaron todos eles a documentación.

Verificada a nacionalidade española de todos eles, a súa maioría de idade e a presentación da declaración de non estar incurso en causas de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións recollidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial, concretamente nos seus artigos 303 e 389 e ss, todos eles cumpren cos requisitos esixidos na base 1ª da convocatoria como condicionantes legais.

Asemade tralo análise da documentación que achegaron coa solicitude resulta o seguinte:

Nome e apelidos	Cert.	Certifc.	Certiffic.	Decl.	Decl. Xur	Méritos
-----------------	-------	----------	------------	-------	-----------	---------

	Nac./dni compl.	médico(función xudicial)	penais	Compl Art. 2 Lei 68/80 de 1 decembro	supostos Incomp. Funcion. Xudicial	
RAMÓN RODRÍGUEZ SENDE	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Acredita experiencia no posto como titular e substituto ao longo de varios anos
ANA GARCÍA CAMPOS	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega currículo, vida laboral, títulos, credenciais, cursos.
JAVIER IGNACIO GARRIDO GÓMEZ	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega currículo
ROSA MARÍA PÉREZ SABORIDO	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega certificados, títulos, curriculum,
ANA RODRÍGUEZ LORENZO	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Achega Curriculum
DORIS FANNY SÁNCHEZ MATOS	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Currículo, vida laboral, contratos, acreditacións laborais, diplomas, licenciaturas, certificados

Conforme aos artigos 22.2 p) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 101.2 da Lei 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, artigo 4 e artigo 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, e sendo preciso quórum de maioría absoluta para a elección do candidato, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO

Admitir aos seguintes participantes:

Interesado/a	DNI
Ramón Rodríguez Sende	33.178.952-A
Ana García Campos	53.309.798-F
Javier Ignacio Garrido Gómez	35.477.980-C
Rosa María Pérez Saborido	33.228.286-W
Ana Rodríguez Lorenzo	76.777.024-B
Doris Fanny Sánchez Matos	45.957216-L

SEGUNDO

Elixir a Don Ramón Rodríguez Sende como Xuíz de Paz Titular á vista dos méritos acreditados especialmente a súa experiencia no posto e bo facer asemade do coñecemento da xente, dos trámites e persoal do xulgado.

TERCEIRO

Dar traslado do presente acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución de Padrón, que o elevará á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 27/03/2017, sendo este favorable.

A proposta debateuse forma conxunta no punto anterior.

Sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), seis votos en contra (dos 5 membros do grupo PP e 1 membro do grupo PSOE) e unha abstencións (de un membro do grupo BNG) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **10. SOLICITAR A DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO, DA XUNTA DE GALICIA, AUTORIZACIÓN DAS TARIFAS DE TAXIS DO CONCELLO DE RIANXO.**

A concelleira de promoción económica Adelina Ces Quintáns pasa a expoñer a proposta:

Por Resolución de alcaldía nº 387/2016 de 12/08/2016, acordouse solicitar informe o Consello Galego de Transportes e darlle traslado da proposta de tarifas urbanas presentadas polo colectivo de taxis de Rianxo.

Sometido o expediente a audiencia pública durante 15 días, e visto o certificado da Comisión especial de transporte público en vehículos de turismo do Consello galego de transportes de 21 de decembro no que se informa favorablemente as tarifas urbanas de taxis do Concello de Rianxo.

Visto que con data 23 de marzo de 2017, celebrouse a mesa local de comercio, informando favorablemente, pola presente propoño ao Pleno:

Solicitar a Dirección Xeral de comercio autorización a aplicación das tarifas adxuntas.

TARIFA 1: Aplicable en días laborais de 06:00 a 22:00 horas

CONCEPTO	EUROS	
	Sen IVA	Con IVA
PERCEPCIÓN MÍNIMA *	3,409	3,75
QUILOMETRO RECORRIDO	0,909	1,00
HORA DE ESPERA	13,636	15,00

TARIFA 2: Aplicable en días laborais de 22:00 a 06:00 horas, sábados dende as 15:00 horas, ata as 24:00 horas, domingos, festivos, 24 e 31 de decembro as 24 horas

CONCEPTO	EUROS	
	Sen IVA	Con IVA

BAIXADA BANDEIRA *	4,091	4,50
QUILOMETRO RECORRIDO	1,136	1,25
HORA DE ESPERA	16,364	18,00

\* Inclúe 1.750 metros ou distancia equivalente.

Suplementos de tarifa 1 e 2:

CONCEPTO	EUROS	
	Sen IVA	Con IVA
OCUPACIÓN DE MALETEIRO (1)	0,909	1,00
TRASLADO CANS / GATOS (2)	0,909	1,00

(1) Excepto cadeiras de minusválidos

(2) Excepto lazarillos autorizados

Os importes con IVA, inclúen o 10%

A devandita proposta está informado favorablemente pola Mesa Local de Comercio do xoves 23 de marzo de 21017.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O portavoz de Rianxo en Común: estamos a favor regularice e sinalen as coas urbanas.

A portavoz do PSOE: a proposta conta cos informes favorables estamos a favor .

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

## **11. NOMEAMENTO COMISIÓN DE ESTUDO PARA A XESTIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE SUBMINISTRO AUGA POTABLE A DOMICILIO E SANEAMENTO (ARTIGO 97 DO TRRL)**

O Concelleiro Tobías Betanzos pasa a expoñer a proposta

O concello de Rianxo presta actualmente os servizos municipais de subministro auga potable a domicilio e saneamento mediante xestión indirecta baixo a modalidade de concesión administrativa.

Con data 29 de xuño de 2016 o pleno aprobou a prorroga do contrato entre o Concello de Rianxo e Viaqua Gestión Integral de Augas de Galicia, SAU da Concesión administrativa dos servizos de

abastecemento de auga e de saneamento, ata o 30/06/2017

O prazo contractual está próximo a rematar, polo tanto, o vindeiro 30 de xuño, o que obriga a tomar decisións sobre o modo en que continuará prestándose estes servizos.

Esta cuestión, de gran transcendencia para os seus usuarios tamén o é para o concello, tanto desde un punto de vista técnico como organizativo e económico. Por este motivo, o goberno municipal constituído tras as eleccións de 2015 iniciou xa distintas xuntanzas co resto de membros da Corporación para tratar este tema tan complexo do modo de xestión destes servizos públicos.

A complexidade do tema imposibilitou tomar unha decisión ao respecto e iniciar o expediente, ben de remunicipalización dos servizos, ou ben da súa licitación pública. Sendo de interese deste Concello asumir a explotación da devandita actividade económica co fin

E de acordo co previsto no artigo 86.1 da - Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local -LRSAL-, esta Alcaldía considera procedente iniciar expediente de iniciativa pública para o desenvolvemento da actividade económica referida.

Con data 17 de marzo de 2017 solicitouse a Secretaría informe xurídico de xestión do servizo, con data 22 de marzo emitiuse informe pola secretaria e a intervención municipal .

Considerando que o citado expediente de municipalización, cuxo contido se regula no artigo 97 do TRRL, require ante todo que se designe unha Comisión de Estudo que deberá redactar unha MEMORIA, na que se analicen os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade e propoñase a forma de xestión máis adecuada de entre as previstas no ordenamento, É polo que PROPOÑO á Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Nomear e constituír unha Comisión de Estudo integrada por un concelleiro de cada grupo (1 do PP, 1 do PSOE, 1 de Rianxo en Común) e polos técnicos (Intervención municipal, Tesoureira Municipal, aparellador municipal) e no seu caso os técnicos nomea a deputación, a presidencia da Comisión corresponderá ao Alcalde Adolfo Muíños Sánchez e a Secretaría da comisión corresponderalle a secretaria da corporación, asistirá a comisión un técnico externo da empresa Lagares OCA ,

**SEGUNDO:** Solicitar a Deputación nomee 2 técnicos para formar parte desta comisión considerando que as Deputacións provinciais lle corresponde a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, así como a coordinación do servizo de Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais

**TERCEIRO:** Dispoñer que a Comisión de Estudo, proceda a elaborar a MEMORIA do citado expediente e polo seu presidente preséntese a este Pleno Municipal para a súa toma en consideración de conformidade cos artigos 56 e ss do Decreto de 17 de xuño de 1955 (Regulamento de Servizos das Corporacións Locais)

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS, E SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 27/03/2017, ditaminou favorablemente dita proposta coa seguinte emenda:

**PRIMEIRO**

Nomear e constituír unha Comisión de Estudo integrada por un concelleiro de cada grupo (1 do PP, 1 do PSOE, 1 de Rianxo en Común) e polos técnicos (Intervención municipal, Tesoureira Municipal, aparellador municipal) e no seu caso os técnicos nomee a Deputación, un enxeñeiro/ ou especialista



na materia, a presidencia da Comisión corresponderá ao Alcalde Adolfo Muíños Sánchez e a Secretaría da comisión corresponderalle a secretaria da corporación, asistirá a comisión un técnico externo da empresa Lagares OCA. A cada un dos membros nomearáselle un substituto.

## SEGUNDO

Considerando que as Deputacións provinciais lle corresponde a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, así como a coordinación do servizo de Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, solicítalle a Deputación que nomee 2 técnicos para formar parte desta comisión

## TERCEIRO

Dispoñer que a Comisión de Estudo, proceda a elaborar a MEMORIA do citado expediente e polo seu presidente preséntese a este Pleno Municipal para a súa toma en consideración de conformidade cos artigos 56 e ss do Decreto de 17 de xuño de 1955 (Regulamento de Servizos das Corporacións Locais)

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

Voceiro de Rianxo en Común nos non queremos participar en algo imposible de inicio, creemos que se debería haber convocado xa hai tempo, pensamos deberían estar dous veciños, podería a ARI propoñer dous afiliados aínda que preferimos dous usuarios, entendemos é complexo.

Voceira do PSOE sinala que estamos diante dun servizo primordial, apoiamos a creación da comisión e que se decida a xestión máis vantaxosa.

Voceira do PP manifesta seu grupo apoia a creación

Adolfo: A comisión elaborará unha memoria que será elevado o pleno, outros concellos como Teo non a crearon a norma é do ano 1955, manteño non incorporar a ningún membro mais

Voceira do PP: non hai cámaras oficiais como tal, parece que non ten lóxica, nos somos usuarios e representantes dos veciños.

Os portavoces dos distintos grupo municipais propoñen aos seguintes titulares e substitutos do seus respectivo grupo, correspondentes ao membros que constituirán a comisión

TITULAR	SUBSTITUTO
Presidente comisión: Adolfo Muíños Sánchez	Tobías Betanzos Rego
Grupo Rianxo en Común. Antón Castro Castro	Juan Antonio Losada Martinez
Grupo PSOE. Francisco Javier Garcia Ares	Mª Demelsa Iglesias Collazo
Grupo PP. Adela Becerra Mayo	Adrián Vidal Iglesias

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta coa seguinte emenda.

#### **PRIMEIRO**

**Nomear e constituír unha Comisión de Estudo integrada por un concelleiro de cada grupo (1 do PP, 1 do PSOE, 1 de Rianxo en Común) e polos técnicos (Intervención municipal, Tesoureira Municipal, aparelador municipal) e no seu caso os técnicos nomee a Deputación, un enxeñeiro/ou especialista na materia, a presidencia da Comisión corresponderá ao Alcalde Adolfo Muíños Sánchez e a Secretaría da comisión corresponderalle a secretaria da corporación, asistirá a comisión un técnico externo da empresa Lagares OCA. A cada un dos membros nomearáselle un substituto.**

#### **SEGUNDO**

**Considerando que as Deputacións provinciais lle corresponde a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica os Municipios, así como a coordinación do servizo de Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais, solicítalle a Deputación que nomee 2 técnicos para formar parte desta comisión**

#### **TERCEIRO**

**Dispoñer que a Comisión de Estudo, proceda a elaborar a MEMORIA do citado expediente e polo seu presidente preséntese a este Pleno Municipal para a súa toma en consideración de conformidade cos artigos 56 e ss do Decreto de 17 de xuño de 1955 (Regulamento de Servizos das Corporacións Locais)**

#### **CUARTO**

**Nomear as seguintes titulares e substitutos:**

<b>TITULAR</b>	<b>SUBSTITUTO</b>
<b>Presidente comisión: Adolfo Muíños Sánchez</b>	<b>Tobías Betanzos Rego</b>
<b>Grupo Rianxo en Común. Antón Castro Castro</b>	<b>Juan Antonio Losada Martinez</b>
<b>Grupo PSOE. Francisco Javier Garcia Ares</b>	<b>Mª Demelsa Iglesias Collazo</b>
<b>Grupo PP. Adela Becerra Mayo</b>	<b>Adrián Vidal Iglesias</b>

## **12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN: MELLORA NO SISTEMA DE LIMPEZA DE CUNETAS E BEIRAVÍAS.**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O voceiro de Rianxo en común pasa a expoñer a moción

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.**

Queremos con esta moción poñer enriba da mesa a necesidade de mellorar o sistema de limpeza de beiravías e cunetas para intentar atender a que é unha das queixas principais e recorrentes por parte

dos veciños do rural.

Sabemos que é un traballo custoso porque, como consecuencia da forma en que se distribúe a poboación no territorio, temos unha rede de vías moi extensa, pero isto non pode ser motivo para non facela dun xeito adecuado porque o non facela ben xera unha serie de incomodidades e gastos que tamén debemos poñer na ecuación.

Referímonos no parágrafo anterior ós gastos provocados polo deterioro das calzadas pola vexetación descontrolada, ou ós gastos ocasionados polos deterioro das calzadas por circular por elas a auga que encontra as cunetas taponadas.

Pero, con ser importante, non nos queremos referir só ós aspectos económicos. A inadecuada limpeza das beiravías fai estas máis perigosas para os coches e tamén para os peóns. Para os primeiros porque resta visibilidade e porque, se teñen que apartar, non saben o que van atopar entre a herba. En canto á mobilidade segura dos peóns, vese dificultada porque ó estar o espazo por onde eles circulan ocupado pola vexetación deben desprazarse pola calzada.

Ademais das anteriores, as beiravías e cunetas mal coidadas xeran incomodidade entre os veciños do rural, porque se senten abandonados, e pola mala imaxe que para eles mesmos e cara a fora da o lugar que habitan. Ten tamén, polos motivos antes sinalados, un efecto disuasorio clarísimo sobre quen puidera pensar en adquirir unha vivenda no rural.

Un aspecto que facilitar este traballo e a previsibilidade. Cada ano o inicio da primavera marca a principal época de crecemento rápido da vexetación herbácea e pequenos arbustos, que na nosa zona chega ó seu punto culminante un pouco antes da entrada do verán. Despois desta, por mor da seca, ven unha época de crecemento escaso nos meses de xullo e agosto, que pode vir seguida dunha época de crecemento moderado a finais de setembro e outubro, entrando despois nunha época de crecemento escaso ou nulo ate a seguinte primavera.

Tendo en conta o anterior teríamos que ter rematada unha limpeza completa contra a entrada do verán e facer unha segunda antes de mediados de novembro. Con este fin, e partindo da organización dos medios materiais e humanos do concello, teríamos que facer confluír recursos da Xunta de Galicia dentro do plan da loita contra incendios e outros se os houbera, da deputación e, se fora o caso, das comunidades de montes e similares que puideran dispoñer dalgún recurso. Así como solicitarlles ás administracións titulares de vías no territorio do concello un tratamento similar ó que propoñemos.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Rianxo en Común propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Elaborar un plan de actuación para lograr acadar unha dobre limpeza das vías do concello
2. Adquirir o compromiso de ter rematada a primeira limpeza antes de xullo
3. Facer unha segunda limpeza antes do mes de decembro.
4. Dirixirse ás administracións titulares de vías no concello demandándolles un tratamento similar.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

A voceira do PSOE estamos de acordo en facer nas zoas sensibles limpeza, nas zoas dos regos para que desauguen ben, así como recordar a limpeza das paraxes das zoas das praias que son campos para que estean desbrozadas na tempada estival.

Voceira do PP: estamos de acordo son necesarias, dote no orzamento para poidan cobrar tempo e forma.

Voceira do BNG: En principio estamos de acordo, temos moitas beirarrúas e pouco orzamento, a primavera é moi variable, a veces chove antes e outras máis tarde, estamos facendo dúas veces o ano e seguiremos con ese compromiso, dar noraboa os veciños que liman e a nosa máxima consideración. Apoiamos a moción e faremos a planificación.

Voceiro de Rianxo en Común: Queremos previsibilidade, as gramíneas chegan o máximo no verán, nos non propoñemos limpar agora unha vez no mes de xuño e outro no mes de novembro.

Adolfo: a brigada de xardíns e vías está no mínimo, a limpeza anual está garantida, a tasa de reposición era do 50%, nos programas de cooperación agora so conceden socorristas, igual hai que acudir a exteriorizar en parte o servizo para dar dúas limpeza o ano.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

### **13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN, ADECUACIÓN DO TENDIDO ELÉCTRICO DO CONCELLO DE RIANXO.**

Antón expón a urxencia no perigo que supón as instalacións e posteriormente Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Antón expón a moción :

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Son moitas as deficiencias do tendido eléctrico do concello de Rianxo, porén, prestámoslle a continuación apenas dúas que solicitamos se solucionen dunha maneira inmediata, coa aprobación dos acordos que aquí se propoñen.

Por un lado, dende o grupo de Rianxo en Común, chamamos a atención sobre as deficiencias que sofre o Paseo Marítimo rianxeiro en canto a iluminación do mesmo. A día de hoxe, tal situación obriga a que os usuarios teñan que facer a meirande parte do percorrido completamente a escuras unha vez que se pon o sol. Tal situación é, loxicamente, moi negativa para aqueles veciños e veciñas que quixeran utilizar o paseo marítimo, e é perigosa para aqueles que por él transitan.

Por outro lado, e cun carácter máis xeral, retomamos aquí unha petición que este grupo lle fixo ao grupo do goberno mais temos que recuperar.

Cúmprense tres anos da “Auditoría Enerxética do Alumeado Público do Concello de Rianxo” levada a cabo pola empresa “AFENERGA, Aforro Enerxético Galego” en marzo do ano 2014. Entre as moitas observacións destacadas pola dita empresa no informe presentado unha vez realizada a actividade que se lle fora encargada recolleemos literalmente unha delas:

“Durante as visitas de campo realizadas ao concello detectouse que dos 93 cadros, algúns están en moi malas condicións e a meirande parte deles non cumpren a normativa vixente. Moitos carecen de diferenciais e algúns presentaban un alto grao de humidades e suciedade debido, sobre todo, a ter a

tapa deteriorada ou carecer dela. Este tipo de cadros non presentan estanquidade, polo que non se garante o grao de protección axeitado e pode provocar avarías, como por exemplo cortocircuitos”.

O interruptor diferencial é un dispositivo que se coloca nas instalacións eléctricas de corrente alterna, coa finalidade de protexer as persoas, ben de contactos directos, é dicir, do contacto directo coa parte activa das instalacións, ou ben dos contactos indirectos, é dicir, que son aqueles que se poden dar cos elementos sometidos a potencial, debido, por exemplo, a unha derivación por falla de illamento dunha parte activa da instalación. Ademais tamén protexe contra incendios que poden provocar estas derivacións.

O interruptor diferencial, é un dispositivo de protección moi importante na instalación eléctrica que actúa conxuntamente coa toma de terra, de enchufes e masa metálica de todo o aparello eléctrico. Deste xeito o interruptor diferencial, desconectará o circuíto cando exista unha derivación ou defecto a terra, maior que a súa sensibilidade.

É dicir, coa ausencia do interruptor diferencial en boa parte dos cadros, como se sinala na Auditoría antes citada, non se pode asegurar a integridade das persoas e do medio que fican desprotexidos ante calquera contacto, directo ou indirecto.

Por todo o anterior o Grupo Municipal de Rianxo en Común propón ao Pleno da corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

- reparación ou substitución inmediata das luminarias que non funcionan do Paseo Marítimo do Concello de Rianxo.
- reparación ou substitución dos cadros eléctricos que se atopan en mal estado, así como a correcta instalación en todos eles dos interruptores diferenciais.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do PSOE manifesta está de acordo coa situación e o perigo que iso supón

Voceira do PP estamos de acordo.

Voceira do BNG: tamén estamos preocupados e por iso realizouse unha auditoría, estamos pendentes de ter financiamento para poder facer inversión. OS problemas do paseo marítimo débéronse a una gamberrada.

Adolfo remata o debate expoñendo que se teñen dispoñibilidades vámolos facer, hai cambiar 50 cadros o importe é de 200.000 €, hai unha subvención de fondos europeos que se a recibimos axudaríanos a resolver a problemática, se algunha acción é urxente farase co plan de obras POS e con medios propios .

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

## **14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN. CREACIÓN DE LOCAIS DE ENSAIO**

O voceiro de Rianxo en Común expón a urxencia da moción e posteriormente sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 17 membros presente dos 17 que

legalmente constitúen a corporación.

De seguido Antón continúa coa EXPOSICIÓN DE MOTIVOS da moción :

A música é unha das linguaxes que os humanos usamos para representar e expresar a realidade na que vivimos, desde as condicións máis materiais aos máis profundos sentimentos, desde as situacións máis concretas ate os máis altos niveis de abstracción.

A pesar de ser un lugar común que mediante esta linguaxe se teñen creado as obras máis elaboradas da cultura, o noso sistema educativo tan centrado no económico déixalle un lugar absolutamente residual, carencia que se suple en boa medida coa educación non formal, na que dun xeito moi importante participan os concellos.

Moitas son as veces en que o concello se ten gabado do seu apoio á cultura, e en concreto á cultura musical, porén a diversidade deste modo de expresión é tal que está moi lonxe da capacidade dun concello darlle soporte en toda a súa amplitude.

A que traemos hoxe aquí e unha proposta que modestamente quere contribuír a ampliar o abano de apoios que xa se veñen prestado a expresión musical. Por outro lado non é un tema en absoluto novo, varios concellos da contorna xa os teñen en funcionamento e neste propio concello tense falado deles sen que chegaran a concretarse.

Sen que nesta proposta queiramos limitar o seu alcance, pensamos que nun primeiro momento deben ter como obxectivo a pequenos grupos de música, que non poden tocar nunha vivenda, e se ven obrigados a alugar ou pedir prestados espazos pouco adecuados para a súa práctica, e que ademais poden causar trastornos á veciñanza.

O aspecto formativo ao que vimos referíndonos nos parágrafos anteriores non esgota, nin moito menos, as potencialidades dun equipamento como o que agora solicitamos. Os locais de ensaio contribúen a dinamizar a vida sociocultural do concello e ademais aumentan a oferta de ocio alternativo e autoxestionado, nun momento no que o ocio da xente moza está sendo teledirixido para a continuación nunha concepción vitoriana da moral ser demonizado.

Por todo o anterior o Grupo municipal de Rianxo en Común propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Creación de un local auto xestionado, con posibilidade de ampliar e diversificar con posterioridade en función das necesidades detectadas, no que fundamentalmente grupos de músicos poidan tocar nunhas condicións mínimas sen causar molestias.
2. Os locais deberían estar insonorizados, ter varias tomas de corrente, e reunir o resto de características que técnicos en son determinen, así como contar cun regulamento de uso.
3. Os locais non terán equipamento musical inicial, e aquel do que se vaian dotando responderá ás necesidades que vaian xurdindo dentro do carácter propio deste tipo de equipamento, da imposibilidade de traslado por parte dos usuarios, e da non existencia do mesmo noutros espazos do concello.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

Voceiro do PSOE di están de acordo con que se cre un espacio

Voceiro do PP manifesta están de acordo .

Voceiro BNG manifesta están de acordo, pero salienta que hai locais en todas as parroquias, ensaia a Banda de música, moitos grupos. Indica que a ningún grupo se lle negou ensaiar nos locais do

concello, aclara que non están insonorizados, se a xunta da axudas para insonorizar os locais.

Adolfo manifesta que o concello ten pequena rede de locais, casa de República, Escola da Vacariza, Centro cultural de Taragoña, Instituto social da Marina, no Centro Cultural de Vicente Vidal ... existen moitas posibilidades aínda que non son expresamente locais de Ensaio si se permite os veciños e grupos ensaiar alí.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta

## 15. ROGOS E PREGUNTAS

→ Voceiro de Rianxo en Común :

- Se revise unha tapa de arqueta na Laxe, Taragoña
- Pedimos actuación na estrada que une a unitaria de Pazo hasta o cruce dado que está cheo de fochancos.
- Traslamos a queixa do colectivo de estudantes do IES, dos alumnos que remataron o ciclo e vense que a Xunta non saca prazas para este colectivo de auxiliares. Solicitamos que lle soliciten a Xunta información do que pasa, e os motivos.
- Información sobre as horas extraordinarias se pagan sen unha previa planificación, a interventora no seu informe maniféstao.
- Acabamos de aprobar tres mocións, solicitamos que se executen. A moción de transmisión dos pleno aprobouse hai un ano e aínda non conseguimos que se graven.
- Queremos uns orzamentos participativos, e que teñan dotación nos orzamentos as medidas aprobadas

→ Voceira do PSOE:

- Reiteramos novamente arranxen os espellos
- Se apaguen as luces dos edificios públicos cando non se utilicen, o Sur do Colexio castealo está sempre encendido.
- Necesidade de prohibir aparcas nos pasos de peóns e nas saídas de pistas.
- Insistimos limpeza dos regos , exemplo cerca da Igrexa de Isorna.
- Cando vai pintar a carretera de Tanxil ? Houbo accidentes.
- No auditorio, pode aparcarse na zoa pintada de amarelo xa que hai unha contradición coa zoa pintada de branco recentemente?
- A quen compete o pintado de camiños cerca das vías do tren? Estes camiños comunicaban as parroquias, poden ser boas vías para rutas de senderismo.
- Como está o inventario de bens municipais ?
- Como se vai facer coas horas extras ?

→Voceira do PP

- ¿Vaise arranxar o problema do aparcamento na gardería? A explicación da nai que lle puxeron multa difire da versión que da a policía
  - Arranxo espello que está xunta a empresa Flora
  - Solicitáronse axudas a viveiros de empresas publicadas no DOGA Nº 35? E as axudas a melloras en parques empresariais? E as axudas a obradoiros de emprego?
  - Na publicación da concesión das axudas de deputación a creación do servizo de normalización lingüística, aparece sinalado que Rianxo regularice a súa situación con terceiros. A que se refire?
  - Na celebración de disfraces de Taragoña, utilizouse unha cabra e fíxose un espectáculo bochornoso con ela. O concello que fixo para evitalo?
  - Está en vigor o contrato do lixo ?
- ➔ O alcalde toma a palabra :
- Aclara a situación de terceiros da axuda o servizo de normalización lingüística débese a discrepancias coa SS e IRPF, problemas que xa se normalizaron.
  - A deputación xa desbloqueou o programa PEL
  - O problema non é pedir axudas o problema é que no las concedan, moitas delas teñen importes moi pequenos 5000 €, 6000 €. Moitas están pedidas pero non son o 100%
  - Quen si que ten un compromiso con Rianxo e non o está a cumprir é Augas de Galicia. O compromiso da xunta é rematar o saneamento, as zoas de Isorna e Leiro a obras ascende a 800.000. Axúdenos e móllense para conseguir que a Xunta faga esas infraestruturas.
  - O ciclo de atención a persoas dependentes , creo o mellor é facer moción conxunta na que se lle requira a xunta que non cree especialidades para despois nas ter en conta, estalle tomando o pelo os alumnos que inverteron moito esforzo en cursar ditos estudos.
  - Preocúpanos o do desfila dos animais no entroido, se houbo maltrato animal condenámolo e o concello non o pode permitir.
  - Adolfo remata a súa intervención sinalando que no seguinte pleno contestará o resto de preguntas.

Ás 22:25 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, martes 4 de abril de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez